

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO DE SERVIZOS ESPECIALIZADOS DIRIXIDOS A PERSOAS XORDAS, XORDOCEGAS E CON DISCAPACIDADE AUDITIVA RESIDENTES NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E DO MANTEMENTO DA FEDERACIÓN E DAS SÚAS ENTIDADES FEDERADAS PARA O EXERCICIO 2025

Lugar e data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte

Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade , no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, no Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento, no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte

Dona María Alonso Mesía con DNI [REDACTED], que actúa en nome e representación da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia , co NIF G15068091, en virtude da súa condición de presidenta dela, de acordo co nomeamento outorgado segundo o disposto no artigo 36 dos seus estatutos como recolle o acordo da Asemblea Xeral do 15 de xuño do 2024.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas e,

EXPOÑEN

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou

xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade.

IV. Que a FAXPG, entidade de natureza asociativa, figura inscrita no Rexistro de asociacións co número 2004/000107-2ª, tendo por finalidade a defensa dos intereses das persoas xordas, xordocegas e con discapacidade auditiva de Galicia; acadar a súa real e efectiva participación social, laboral e cultural, así como a súa integración na sociedade. A entidade, declarada de utilidade pública, figura recoñecida e inscrita como entidade de iniciativa social no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social e Igualdade co número E-0204.

V. Que a FAXPG ten como misión acadar o desenvolvemento integral das persoas xordas de Galicia, en condicións de accesibilidade universal, preservando a Lingua de Signos Española (en adiante LSE) como o seu valor principal.

VI. Que actualmente faise preciso establecer medidas de apoio orientadas ao desenvolvemento do tecido asociativo integrado polas entidades de iniciativa social que traballan na atención ás persoas xordas, xordocegas e con discapacidade auditiva, dado que desenvolven unha importante labor complementaria á financiada a través dos recursos da administración pública.

Conforme ao exposto, é do interese da Consellería de Política Social e Igualdade subscribir un convenio de colaboración coa entidade FAXPG para contribuír ao financiamento de servizos especializados dirixidos a persoas xordas, xordocegas e

con discapacidade auditiva residentes na Comunidade Autónoma de Galicia e ao mantemento da Federación e das súas entidades federadas.

VII. Que conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos artigos 36 a) e no artigo 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade FAXPG aparece expresamente reflectida no estado de gastos dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, como beneficiaria individualizada así como o obxecto subvencionado e a súa dotación orzamentaria.

Así mesmo, as actuacións obxecto dos programas subvencionados a través deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade que asume o seu órgano de dirección, a Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, segundo o previsto no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, que concretamente no seu artigo 21, prevé a competencia da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade para a proposta, o impulso, a elaboración das bases, e a tramitación dos procedementos de concesión e seguimento das axudas e subvencións a través da concesión directa ás entidades prestadoras de servizos sociais no ámbito da discapacidade; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para o financiamento de servizos especializados dirixidos a persoas xordas, xordocegas e con discapacidade auditiva e do mantemento da federación e das súas entidades federadas, con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

1. O obxecto do presente convenio é contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social e Igualdade do mantemento da FAXPG e das súas entidades federadas, e dos servizos especializados que esta entidade ten previsto desenvolver durante o ano 2025 dirixidos a persoas xordas, xordocegas e con discapacidade auditiva residentes na Comunidade Autónoma de Galicia e que a continuación se detallan:

a) Servizo de Intervención Social

O servizo de Intervención Social vai dirixido a persoas xordas, xordocegas e con discapacidade auditiva, así como ás súas familias e/ou persoas vinculadas a elas por motivos persoais, ten por finalidade a mellora do desenvolvemento e autonomía persoal deste colectivo a través das actuacións que de seguido se relacionan:

1.º Atención á demanda: Trátase de facilitar a entrada aos servizos sociais prestados pola FAXPG, e a atención da demanda inicial de novas persoas usuarias ou de persoas usuarias xa rexistradas.

2.º Xestión de recursos: Consiste na tramitación de demandas das persoas usuarias e asociacións de persoas xordas dotándoas dos recursos necesarios.

3.º Intervención social: Levaranse a cabo actuacións sobre situacións individuais e/ou socio-familiares de persoas xordas que presentan maior vulnerabilidade social e que requiren unha intervención desde todas as perspectivas necesarias para asegurar unha atención individualizada pero integral respecto das causas que as motivan.

4.º Mediación da comunicación: Consiste na intervención sobre situacións individuais e/ou socio-familiares das persoas xordocegas e persoas xordas en situación de exclusión social que presentan dificultades de comunicación e carencias en habilidades sociais.

O Servizo prestarase por traballadores/as sociais, mediadores da comunicación e terapeutas ocupacionais, lideradas por unha coordinación de área, nas axencias FAXPG distribuídas polo territorio galego, que atenderán as demandas das persoas usuarias en colaboración coas asociacións afiliadas á FAXPG.

5.º. Atención psicolóxica. É un servizo directamente vinculado co ámbito da

intervención social que ten como finalidade "Acadar o benestar emocional e mental das persoas xordas". O desenvolvemento deste servizo ten carácter itinerante, xa que será o/a profesional o que se desprace ás distintas delegacións da FAXPG de Galicia para prestar atención a aquelas persoas usuarias que o requiran.

b) Servizo de Intérpretes de Lingua de Signos Española e Guías- Intérpretes para persoas xordocegas (en adiante SILSE-GI)

O SILSE-GI ten como finalidade mellorar as condicións de participación e igualdade de oportunidades das persoas xordas, xordocegas e con discapacidade auditiva, a través da eliminación de barreiras de comunicación permitindo a interrelación entre estas e as persoas oíntes, no desenvolvemento das actividades da vida diaria.

O SILSE-GI consiste en realizar unha interpretación de información de Lingua de Signos Española á lingua oral e viceversa co fin de asegurar a comunicación entre as persoas xordas que sexan usuarias desta lingua e a súa contorna social.

Así mesmo, configúrase como unha guía e interpretación para persoas xordocegas, realizando as adaptacións necesarias, servíndolle de nexo coa contorna e facilitando a súa participación en igualdade de condicións.

O SILSE-GI planifícase e estrutúrase a través de 3 procesos dirixidos a calquera persoa que requira a interpretación dunha comunicación na que interveñan persoas xordas, xordocegas ou con discapacidade auditiva que a continuación se relacionan:

- 1.º Proceso de xestión e planificación da demanda de prestación do servizo: solicitude presencial, telefónica ou a través das novas tecnoloxías da comunicación. Verificación de dispoñibilidade do/da intérprete e resposta á demanda baixo criterios de orden de entrada da solicitude, axustado ás tipoloxías establecidas para actividades da vida diaria.
- 2.º Proceso de realización da interpretación: desenvolvemento do servizo de interpretación no lugar e data previsto na solicitude.
- 3.º Proceso de rexistro e valoración da demanda: rexistro dos servizos realizados, adecuación á normativa e seguimento e control de incidencias.

FAXPG contratará a Intérpretes de Lingua de Signos para atender as demandas de comunicación das persoas xordas, xordocegas e con discapacidade auditiva de toda Galicia, favorecendo a súa independencia na realización de xestións persoais.

c) Servizo de formación, orientación educativa e atención a familias

O servizo de formación, orientación e atención a familias ten como finalidade incrementar as capacidades e oportunidades das persoas xordas a través de accións formativas prelaborais, orientación e apoio educativo e de sensibilización na súa contorna.

O Servizo coordínase dende a sede central da FAXPG en A Coruña e desenvólvese a través de actuacións nas seguintes áreas

1.º Área de Formación, consistente na realización de obradoiros formativos destinados a persoas xordas maiores de 16 anos.

2.º Área de Orientación e Apoio educativo na que se atenderán as demandas e necesidades detectadas pola familia, polo centro de ensino ou cando as persoas usuarias veñan derivadas por outro servizo de FAXPG.

3.º Área de Difusión e Sensibilización.

4.º Actividades para as familias, consistentes principalmente en obradoiros puntuais de carácter pedagóxico e de curta duración, así como e na formación en lingua de signos.

O equipo de profesionais estará formado por persoas xordas e oíntes, tituladas adecuadamente para os postos de educadores/as, psicopedagogos/as, pedagogos/as, logopedas e especialistas de Lingua de Signos requiridos.

d) Mantemento da estrutura asociativa da FAXPG e servizos de apoio:

A FAXPG, a través do mantemento dunha estrutura estable, fomenta a cohesión asociativa como ferramenta de defensa dos intereses das persoas xordas, xordocegas e con discapacidade auditiva, e actúa como plataforma de información e foro de discusión das persoas que a integran, facendo de intermediaria entre a sociedade e este colectivo no ámbito xeográfico de Galicia, así como de instrumento organizador de actividades e servizos que favorezan o desenvolvemento persoal e social do mesmo.

2. No deseño e desenvolvemento das actuacións integrantes dos servizos subvencionables a través deste convenio incorporárase de xeito transversal o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e terase en conta a perspectiva de xénero no seu deseño e execución.

SEGUNDA. Obrigas e documentación

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto co programa de actividades a desenvolver, a seguinte documentación:

- a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para os mesmos servizos, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.
- b) Declaración responsable, subscrita pola persoa representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- c) Presentación dun método de imputación de custos indirectos.

TERCEIRA. Relación laboral

Para levar a cabo os obxectivos e fins dos servizos a subvencionar a través deste convenio a entidade beneficiaria poderá contratar, con cargo ao orzamento previsto no presente convenio, o persoal, que no seu caso, precise para o desenvolvemento das actuacións dos servizos citados.

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual ningunha entre a Consellería de Política Social e Igualdade e as persoas que realicen as actuacións constitutivas dos referidos servizos, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento.

CUARTA. Orzamento

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións que ten previsto desenvolver FAXPG ascende á cantidade de 1.516.250,00 €

Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social e Igualdade achegará **novecentos nove mil oitocentos vinte e seis euros (909.826,00 €)** que serán imputados á aplicación orzamentaria 08.04.312E.481.23 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

QUINTA. Gastos imputables

Son gastos subvencionables a efectos da conta xustificativa os que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Para estes efectos considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación previsto nesta cláusula.

O importe da subvención destinarase a cubrir os gastos efectivamente realizados pola entidade relativos a gastos de persoal e gastos correntes necesarios para o mantemento da FAXPG e as súas entidades federadas, e para o desenvolvemento das actuacións recollidas na cláusula primeira. Para estes efectos, consideraranse gastos subvencionables, conforme ao previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os seguintes:

- a) Gastos de persoal: custos salariais e de seguridade social do persoal necesario para a realización das actuacións obxecto da subvención ata un límite de 43.612,00/ano por traballador/a a xornada completa. A retribución acomodarse proporcionalmente á xornada que se desenvolva no caso de que a prestación de servizos sexa a tempo parcial.
- b) Gastos de axudas de custo e desprazamentos do persoal imputable ao desenvolvemento das actuacións dos servizos a subvencionar, que deberán ser moderados ata o límite establecido nas compensacións establecidas para o persoal da administración pública autonómica.
- c) Gastos derivados da xestión e organización de servizos de transporte que a entidade facilite ás persoas beneficiarias directas dos servizos prestados pola entidade e derivados da asistencia aos mesmos que o precisen e demanden.

d) Gastos en bens consumibles sempre que estean relacionados coas actuacións dos servizos obxecto da subvención ou co mantemento da FAXPG e das entidades federadas.

e) Gastos xerais de natureza corrente necesarios para o desenvolvemento das actuacións dos servizos, así como do mantemento da federación e entidades federadas: enerxía eléctrica, auga, combustible (se non está incluído no alugueiro), comunicacións, limpeza, seguridade e seguros de responsabilidade civil.

f) O gasto do alugueiro dos locais nos que se desenvolvan as actuacións dos servizos subvencionables a través deste convenio debidamente xustificado.

g) Os gastos financeiros, incluídos os gastos e xuros derivados de créditos bancarios formalizados coa finalidade de dispoñer de efectivo para a realización do obxecto da subvención concedida mentres non sexa aboada pola Administración; gastos de asesoría xurídica ou financeira, gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización das actuacións dos programas subvencionados, así como os gastos de administración específicos, se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución desta.

Polo que se refire aos custos indirectos establecerase e xustificarase a fracción do custo total que se considere imputable á actividade subvencionada segundo a aplicación dun método xusto e equitativo que debe constar por escrito e previamente a realización dos gastos.

SEXTA. Compatibilidade con outras axudas

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

SÉTIMA. *Forma de pagamento*

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria, nas seguintes condicións:

- a) Efectuarase, un pagamento do 80% da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.
- b) O 20% restante farase efectivo unha vez rematadas todas as actividades do programa, aportando a documentación prevista na cláusula oitava do convenio.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiaria, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento, no seu caso.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas nos apartados anteriores, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución da garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

OITAVA. *Xustificación de gastos*

1. Considerarase efectivamente pagado o gasto realizado cando se xustifique mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados pola entidade beneficiaria. No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto subvencionado, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos

realizados, orde de pagamentos da entidade, selada polo banco ou recibín da persoa provedora.

Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibín da persoa provedora.

2. A presentación da **conta xustificativa** levarase a cabo unha vez rematadas todas as actuacións subvencionables a través do convenio, achegando a seguinte documentación, conforme ao previsto nos artigos 48 e 50 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro:

a) Unha **memoria final das actuacións desenvolvidas** en execución deste convenio, con indicación das actuacións realizadas, datas de inicio e finalización das mesmas, resultados obtidos e valoración cualitativa dos mesmos, número de persoas beneficiarias e demais aspectos que se consideren relevantes.

b) Unha **memoria económica abreviada xustificativa do custo das actividades realizadas**, que conterá:

1º Unha ficha resumo dos gastos de persoal e do resto dos gastos, diferenciando os dedicados a mantemento da entidade e das entidades federadas, daqueles dedicados á prestación dos servizos subvencionados a través do presente convenio.

2º Unha relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos, con identificación da persoa acreedora e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento. No caso dos gastos realizados con medios ou recursos propios, indicaranse os criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación, e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención, indicarse neste último caso a porcentaxe ou contía que se imputa.

Cando se trate de gastos en bens consumibles pode requirírselle á entidade un informe xustificativo dos consumos realizados, da relación co programa, da razoabilidade das cantidades consumidas e do seu custe.

3º Unha relación na que se identificará os apelidos e nome das persoas respecto das que se imputan os gastos de desprazamento subvencionables, derivados de acudir aos servizos que presta a entidade, e na que constarán os días en que se

fixeron os desprazamentos obxecto da xustificación, motivo da viaxe e lugar de reunión.

4º Especificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas pola entidade.

5º Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada obxecto deste convenio, con indicación do importe e a súa procedencia, xa sexa de entes públicos ou privados.

6º Os 3 orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no suposto de gastos de importe superior a 15.000 euros, de acordo co establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

7º Se fose o caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

3. A revisión da parte da conta xustificativa integrada polas facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia na letra b) do número 2 e a documentación acreditativa do pagamento será efectuada por unha persoa auditora de contas inscrita como exercinte no Rexistro Oficial de Auditores de Contas dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, designado pola entidade beneficiaria.

A estes efectos, aportarase o informe da revisión efectuada pola referida persoa auditora de contas, que se estenderá á totalidade da conta xustificativa, e que como mínimo deberá deixar constancia dos seguintes extremos:

1º Adecuación da natureza do gasto xustificado, tanto en relación ás actuacións subvencionadas dos servizos previstas na cláusula primeira, como en relación aos conceptos de gasto considerados como subvencionables especificados na cláusula quinta, con indicación daqueles gastos que non respondan a esta.

2º Verificación da relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos citada na letra b) do número 2, conforme coincide coa documentación xustificativa destes e coa documentación acreditativa do seu pagamento, con indicación dos reparos correspondentes.

3º Verificación do cumprimento do disposto na cláusula novena en relación coas actividades subcontractadas, no seu caso.

4º Indicación do importe, desagregado por partidas e global, correctamente xustificado, tanto en relación á xustificación do gasto como do seu pagamento, conforme ás previsións contidas nesta cláusula e na cláusula sétima deste convenio.

5º Verificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas.

6º Verificación do importe global percibido pola entidade como ingresos en concepto de subvencións, tanto de entes públicos como privados, e aplicado o financiamento das actuacións dos programas subvencionables a través do convenio, e que este non supera o gasto total xustificado.

FAXPG estará obrigada a pór á disposición da persoa auditora de contas cantos libros, rexistros e documentos lle sexan esixibles en aplicación do disposto no artigo 11.f da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como a conservalos co obxecto das actuacións de comprobación e control previstas na lei.

O gasto derivado da revisión da conta xustificativa poderá ter a condición de gasto subvencionable.

4. En todo caso o prazo para a presentación da conta xustificativa da subvención deste convenio rematará o día 10 de decembro de 2025. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño. Exceptúase desta previsión a presentación da documentación xustificativa do pagamento dos gastos imputables ao mes de decembro, documento de Relación Nominal de Traballadores (RNT) e documento de Relación de liquidacións de cotizacións (RLC) de novembro e decembro e IRPF correspondentes ao cuarto trimestre do ano 2025, que se presentará mediante addenda ao informe da auditoría na primeira quincena de febreiro de 2026.

5. Toda a documentación xustificativa deste convenio deberá ser asinada pola persoa representante de FAXPG.

NOVENA. Subcontratación

FAXPG é a beneficiaria directa da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. Non obstante, autorízase a subcontratación da execución de actividades, ata unha porcentaxe do 70 por cento do importe total das actuacións financiadas a través do mesmo para a súa debida execución conforme co recollido na memoria económica. A autorización baséase na necesidade de execución externa das actuacións previstas na cláusula primeira.

FAXPG, no seu caso, comunicarlle a subcontratación á Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social e Igualdade. A estes efectos será de aplicación o establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro e no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMA. *Obrigas da entidade beneficiaria*

1. En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, son obrigas da entidade beneficiaria:

a) Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiaria estipulados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Cumprir todos e cada un dos obxectivos, actuacións e servizos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir os compromisos asumidos con motivo desta. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos no convenio.

c) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o goce da subvención.

d) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

e) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de

organismos internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

h) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do convenio e nos lugares onde estas se realicen: "subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade", co seu respectivo logotipo.

i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. Asemade a entidade deberá cumprir a obriga de subministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA. *Incumprimentos, reintegros e sancións*

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento das actuacións subvencionables a través do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

Entenderase incumplida a obriga de xustificar cando a Administración, nas súas actuacións de comprobación ou control financeiro, detectase que na xustificación realizada pola entidade beneficiaria se inclúsen gastos que non correspondesen á actividade subvencionada, que non supuxesen un custo susceptible de subvención, que fosen xa financiados por outras subvencións ou recursos, ou que se xustificasen mediante documentos que non reflectisen a realidade das operacións.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% da actividade obxecto da subvención, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención regulada nestas bases seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Título VI do seu regulamento.

DÉCIMO SEGUNDA. *Vixencia*

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

Non obstante, os gastos das actuacións a subvencionar a través do presente convenio que realizase FAXPG dende o 1 de xaneiro de 2025 tamén poderán ser

subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

DÉCIMO TERCEIRA. *Obrigas da publicidade*

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO CUARTA. *Información básica sobre protección de datos persoais*

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a

exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO QUINTA. *Comisión de seguimento*

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes

asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dous representantes da entidade, designados polas persoas que representen a cada unha das partes así como os seus suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da administración designada pola persoa titular da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade.

A persoa que ocupe a secretaría, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, designada pola persoa que asuma a presidencia, que actuará con voz pero sen voto.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO SEXTA. Réxime xurídico

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento; na Lei 9/2007, do 13 de xuño e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro.

A administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, cabendo contra elas recurso potestativo

de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fora expresa no prazo de un mes. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fora expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes no lugar e data da súa sinatura dixital

A conselleira de Política Social e
Igualdade

Fabiola García Martínez

A presidenta da Federación de
Asociacións de persoas xordas
de Galicia

María Alonso Mesía